# PROGRAMACIÓN EDUCACIÓN MUSICAL

Curso 2019 / 2020

**CEP PEDRO CASELLES BELTRÁN**

# ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

2. CONTRIBUCIÓN DA MÚSICA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

3. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

   3.1.- OBXECTIVOS

   3.2.- CONTIDOS, CRITERIOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE POR CURSO E POR TRIMESTRE

4. TEMPORALIZACIÓN

5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA E ACTIVIDADES

6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR, AO PLAN TIC E AO PLAN DE CONVIVENCIA

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

11. AVALIACIÓN DO PROCESO DO ENSINO APRENDIZAXE E A PRÁCTICA DOCENTE

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O CEP Pedro Caselles Beltrán está ubicado no barrio de Mosteiro, na parroquia de Tomiño, onde están a meirande parte dos servizos de que dispón o concello .

É unha zona rural que nos últimos anos está absorbendo poboación que, procedentes doutros núcleos urbanos máis próximos, fixa aquí a súa residencia. Esta circunstancia repercute non só no aumento do alumnado senon nun progresivo cambio cultural, económico e social do mesmo.

A nivel musical , na zona existen claros exemplos de actividade musical: Banda de música de Goián, varias Treboadas ( agrupacións instrumentais propias desta zona e do norte de Portugal), Grupos de baile e gaitas( “Virxe do Alivio”,...),grupos de música tradicional ( “Airiños Novos de Pinzás”) Banda de gaitas de Barrantes, coro infantil… Esta oferta musical na zona fai que parte deste alumnado poida enriquecer ou ampliar os seus coñecementos musicais, coñecer e valorar o tradición musical do seu contorno e mesmo favorecer as relacións interpersonais.

Neste curso contamos con **206** alumn@s procedentes de Tomiño( Vilachán, Barro, O Seixo, Hospital), de Forcadela e de Estás.

A distribución do alumnado para o presente curso é a seguinte:

| | | |
|---|---|---|
| 1ºA: 14 | 3ºA: 15 | 5ºA: 20 |
| 1ºB: 11 | 3ºB: 15 | 5ºB: 20 |
| 2ºA: 16 | 4ºA: 18 | 6ºA: 22 |
| 2ºB: 15 | 4ºB: 18 | 6ºB: 22 |

As sesións de música para cada nivel distribúense ao longo da semana como segue:
Luns: 1º e 3º, martes: 4º, mércores: 2º, xoves 5º, venres 6º.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A continuación explícase a contribución das actividades que se realizan habitualmente na aula de música para o entrenamento de todas as competencias de maneira sistemática .

### 2.1.- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Aspectos traballados en música como o ritmo e as escalas, colaboran directamente coa consecución da Competencia matemática

- Identificación das relacións entre a altura do son e a colocación das notas no pentagrama; entre a duración a as figuras musicais, a organización dos sons en escalas, … ( pensamento lóxico e espacial)
- Coñecendo a notación musical( pentagrama, notas, figuras, compases, clave, signos,…) para a práctica e interpretación musical( representación de ideas).

**2.2.- Comunicación lingüística**

A través dos intercambios comunicativos que se producen nas diversas actividades, do uso das normas, da explicación dos procesos e do vocabulario específico que a área aporta contribúese ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística.

- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en cualquera situación.
- Traballar aspectos relativos á fonética, entonación, acentos, pronunciación ( cancións, dramatizacións,...)
- Integrar a lenguaxe verbal e a musical a través da expresión vocal e o canto.
- Adquirir e utilizar un vocabulario musical específico.
- Expresar oralmente e por escrito as súas impresións, sentimentos ou emocións ante unha audición ou traballo realizado nas distintas actividades musicais ( interpretativas, creativas,…).
- Dialogar, respetando os turnos de intervención e as opinións dos demais.
- Ler e comprender diferentes textos: indicacións dunha partitura, as letras das cancións, adiviñas,….

**2.3.- Competencia dixital**

Mediante o uso da tecnoloxía como ferramenta para mostrar procesos relacionados coa música e para acercar ao alumnado á creación de producións artísticas e de análise da imaxe e o son e das mensaxes que éstes transmiten, contribúese ao desenvolvemento da Competencia dixital.

- Coñecer o funcionamento de distintos formatos de audio, gravación de sons,…
- Realización de diferentes actividades interactivas musicais.
- Buscar información sobre compositores, agrupacións instrumentais, agrupacións vocais, instrumentos doutras culturas,….

**2.4.- Conciencia e expresións culturais**

A través da música propiciamos o acercamento a diversas manifestacións culturais e artísticas, tanto da contorna como doutras culturas e o noso alumnado terá instrumentos para valoralas e formular opinións cada vez máis fundamentais no coñecemento. Así poden ir configurando criterios válidos en relación cos produtos culturais e ampliar as súas posibilidades de ocio.

- Mostrar respeto cara as obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Expresar sentimentos e emocións dende códigos artísticos.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Coñecer un repertorio de cancións e audicións musicais de diferentes estilos e épocas.
- Coñecer aspectos básicos da música galega.
- Comprender as realidades sociais da cultura galega e doutras culturas para respetar a súa música e o seu folclore.
- Valorar e manter unha actitude crítica ante as manifestacións culturais e artísticas.
- Valorar o propio corpo como instrumento de manifestación artística.
- Interpretar música coa voz, instrumentos e co corpo desenvolvendo habilidades persoais.

**2.5.- Competencias sociais e cívicas**

A interpretación e a creación supoñen, en moitas ocasións, un traballo en equipo. A aceptación de normas desta forma de traballo, a cooperación, asunción de responsabilidades e utilización de espazos de maneira axeitada, son regras e normas dun desenvolvemento social e cívico axeitado.

- Amosar disponibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Respetar e cumplir as normas de comportamento na clase e as instrucións dadas.
- Traballar en equipo colaborando, asumindo responsabilidades e respectando as aportacións dos demais
- Coidar e responsabilizarse dos instrumentos e demais material da aula de música.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.

**2.6.- Sentido de iniciativa e espíritu emprendedor**

A Educación musical contribúe a esta competencia actuando significativamente no proceso que leva ao neno dende a exploración inicial ata o produto final, o que require unha planificación previa e demanda un esforzo por alcanzar resultados orixinais. O traballo en equipo e as habilidades de planificación, organización e elaboración de proxectos de traballo supón o desenvolvemento de capacidades e habilidades básicas tales como: a perseverancia, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, contribúindo todas elas directamente ao desenvolvemento desta competencia.

- Atopar posibilidades na contorna que outros non aprecian.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Mostrar iniciativa personal para iniciar ou promover accións novas.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xerar novas posibilidades dende coñecementos previos do tema.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses personais.

**2.7.- Aprender a aprender**

A esta competencia contribúese na medida en que se favoreza a reflexión sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas ou espazos, co fin de que os coñecementos adquiridos doten ao alumnado dunha experiencia suficiente para utilizalos en situacións diferentes. O desenvolvemento da capacidade de observación, plantexa a conveniencia de establecer pautas que a guíen, co obxecto de que o exercicio de observar proporcione información relevante e suficiente.

- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente…
- Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Reflexionar sobre os logros alcanzados para valorar o esforzo realizado. Actitude de superación.
- Valorar a atención e a concentración como método de aprendizaxe.
- Utilizar os coñecementos adquiridos en contextos diversos .

**3. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.**

3.1.- OBXECTIVOS

Os obxectivos son referentes relativos aos logros que o alumno debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

A música, na educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

d) Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas

3.2.- CONTIDOS, CRITERIOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE POR CURSO E POR TRIMESTRE

| **1º PRIMARIA 1º TRIMESTRE** | | | |
|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1: ESCOITA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| a | • Son e o silencio.<br>• Sons de fontes sonoras diversas.( o cole, o corpo, o outono,…).<br>• Sons fortes e sons suaves<br>• Sons longos e sons curtos..<br>• Os instrumentos de pequena percusión (pandeiro, pandeireta, maracas, claves, caixa china, triángulo, axóuxeres e cunchas).<br>• Audicións: cancións infantís e populares( de saúdo, do corpo, magosto, panxoliña) e pezas clásicas. | • Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.<br>• Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ).<br>• Manter unha actitude de respecto na escoita activa | • Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.<br>• Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos e da voz.<br>• Identifica e representa graficamente ou corporalmente :son, silencio, son curto, longo, forte e piano.<br>• Distingue tipos de voces, instrumentos, tras a escoita de obras musicais e xogos auditivos.<br>• Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais |
| **BLOQUE 2 : INTERPRETACION MUSICAL** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| b<br>j | • A voz e as súas posibilidades expresivas.<br>• Interpretación vocal.<br>• Exploración dos recursos vocais.<br>• Sonorización de secuencias de imaxes.<br>• Exploración do corpo e as súas posibilidades sonoras.<br>• Interpretación de rimas e cancións con acompañamento PC<br>• Creación e interpretación de ostinatos rítmicos. | • Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais da voz, o corpo , instrumentos de percusión, doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son<br>• Interpretar só ou en grupo as cancións, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo .<br>• Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento. | • Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas e recréaas.<br>• Recoñece e clasifica instrumentos e mostra interese por coñecer as posibilidades sonoras de instrumentos e obxectos.<br>• Repite, interpreta e crea esquemas rítmicos con negra, dobre corchea e silencio ( grafía escolar)<br>• Interpreta individualmente ou en grupo diversas cancións.<br>• Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións e imaxes, con identificación da súa grafía. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | • Grafía escolar para a negra e a dobre corchea e o silencio e non convencional para intensidade e duración. | | |

| BLOQUE 3 : A MUSICA, O MOVEMENTO E A DANZA | | | |
|---|---|---|---|
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| a<br>b<br>j | • Movemento e expresión corporal.<br>• Exploración do corpo e as súas posibilidades sonoras.<br>• Desprazamentos básicos<br>• ( marcha e carreira).<br>• Formas organizadas: roda, fila, parellas.<br>• Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras.<br>• Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros. | • Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo<br>• Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza gozando da súa interpretación | • Responde co seu corpo a estímulos sonoros<br>• Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións<br>• Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.<br>• Realiza xestos e movementos para acompañar cancións, audicións,.. |

| 1º PRIMARIA 2º TRIMESTRE | | | |
|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1: ESCOITA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| a<br>b<br>e | • O pulso.<br>• A altura: Agudo e grave. Sons pancromáticos .<br>• Instrumentos da orquestra: xilófono, contrabaixo e frauta.<br>• Estrutura dunha peza musical.<br>• Forma musical AA( repetición).<br>• Lento, normal, rápido.<br>• A negra e o seu silencio.<br>• Audición de obras de música clásica<br>• Audición activa de cancións | • Explorar, escoitar e describir as calidades sonoras dos sons e instrumentos traballados.<br>• Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría e comunicar cun vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.<br>• Manter unha actitude de respecto e de escoita activa | • Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contorno e dos instrumentos coñecidos.<br>• Representa graficamente ou corporalmente son ascendente e descendente, agudo e grave.<br>• Coñece as figuras do director de orquestra, instrumentista e público.<br>• Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características .<br>• Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel para expresar os seus sentimentos tras a audición.<br>• Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |

| BLOQUE 2: INTERPRETACION MUSICAL | | | |
|---|---|---|---|
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| b<br>j | • Exploración das posibilidades expresivas da voz.<br>• Imtación e interpretación de fórmulas rítmicas (con notación tradicional) e melódicas.<br>• Os nomes das notas.<br>• Recoñecemento e identificación de Instrumentos<br>• Interpretación instrumental, con grafías non convencionais.<br>• Xogos de dicción e relaxación.<br>• Sonorización de contos ou narracións .<br>• Interpretación de rimas e series en forma de eco .<br>• Acompañamento rítmicos con PC, obxectos sonoros e IPP. | • Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos.<br>• Interpretar só ou en grupo as cancións con pronunciación e entonación correctas , asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas dos demais como á persoa que asume a dirección.<br>• Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento | • Repite esquemas rítmicos e melódicos escoitados.<br>• Memoriza, vocaliza e entona axeitadamente as cancións traballadas.<br>• Recoñece e clasifica instrumentos traballados.<br>• Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.<br>• Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía |

| BLOQUE 3 : A MUSICA, O MOVEMENTO E A DANZA | | | |
|---|---|---|---|
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| j,b,a | • Movemento e expresión corporal.<br>• Expresión de ritmos e melodías mediante o movemento<br>• Desprazamentos básicos<br>• ( marcha , carreira, paseo).<br>• Formas organizadas: roda, fila, parellas e deseños no espazo | • Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.<br>• Interpreta danzas, adquirindo un control progresivamente maior dos seus movementos e axustándose cada vez mellor aos movementos do grupo | • Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións<br>• Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danza |

| 1º PRIMARIA 3º TRIMESTRE | | | |
|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1: ESCOITA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| a,b,e,j | • A escala musical. Escalas ascendentes e descendentes.<br>• Intervalo 3ªm, sol mi<br>• Instrumentos da orquestra (clarinete, violín e trompeta) e instrumentos populares galegos ( recoñecemento visual, auditivo e denominación)<br>• Sons do contorno. Onomatopeas de animais.<br>• Xogos e aplicacións informáticos para a discriminación auditiva.<br>• Audición activa: de cancións,contos musicais, series sonoras, fragmentos de música clásica, música tradicional galega.<br>• Forma musical: repetición e contraste ( AA, AB) en cancións e obras musicais. | • Utilizar a escoita musical para distinguir e describir as calidades sonoras e lle sirvan como marco de referencia para creacións propias.<br>• Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen( tempo, dinámica, instrumentos)<br>• Coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras para valorar o patrimonio musical, coñecendo a importancia do seu mantemento e difusión e aprendendo o respecto co que deben afrontar as audicións e representacións. | • Identifica, clasifica e describe voces, instrumentos, calidades, utilizando un vocabulario preciso .<br>• Coñece,identifica e representa pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo escala ascendente e descendente.<br>• Interésase por descubrir diferentes obras musicais<br>• Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |

| **BLOQUE 2: INTERPRETACION MUSICAL** | | | |
|---|---|---|---|
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| b,j, | • Xogos de relaxación, respiración, dicción e entonación.<br>• Interpretación vocal.<br>• Sonorización de secuencias de imaxes, narracións...<br>• O pentagrama e a clave de sol .<br>• Escalas ascendentes e descendentes.<br>• As notas sol e mi no pentagrama.<br>• Acompañamento de melodías e cancións con IPP( imitación e creación) | • Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais de obxectos, manipulando materiais como fonte de son<br>• Exercer as vocalizacións e as pronuncias interpretando cancións sinxelas e practicando a improvisación<br>• Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento. | • Elabora un instrumento musical con materiais de reciclaxe.<br>• Memoriza e interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.<br>• Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.<br>• Crea pequenos esquemas rítmicos con, negras e silencio de negra e dobre corchea.<br>• Elixe e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | • Interpretación instrumental e vocal co apoio de grafías non convencionais e notación musical<br>• Construción dun instrumento musical | | acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.<br>• Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos. |

| **BLOQUE 3 : A MUSICA, O MOVEMENTO E A DANZA** | | | |
|---|---|---|---|
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| a, b, j | • Expresión de ritmos e melodías mediante o movemento.<br>• Formas organizadas: roda, fila, parellas e deseños no espazo. Desprazamentos básicos ( marcha , carreira, paseo, saltiño). | • Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza valorando a súa achega ao patrimonio e gozando da súa interpretación como unha forma de interacción social.<br>• Realizar pequenas coreografías | • Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.<br>• Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas |

| BLOQUE 1: A ESCOITA | | | |
|---|---|---|---|
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J,b, d, o | • Discriminación auditiva da duración, intensidade e altura do son en diversas fontes sonoras .<br>• Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características.<br>• Audición activa: cancións infantís e populares ( do corpo, magosto, panxoliñas )e instrumentais( pezas clásicas)<br>• Identificación de voces femeninas, masculinas e infantís.<br>• Recoñecemento visual e auditivo dos IPP da aula.<br>• Os grupos dentro da familia percusión.<br>• Pulso e ritmo<br>• Formas musicais: eco, pregunta resposta | • Explorar escoitar e describir calidades e características dos sons escoitados.<br>• Manter unha actitude de respecto e silencio nas actividades auditivas.<br>• Recoñecer e clasificar os instrumentos de percusión.<br>• Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes o pulso e o ritmo. | • Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.<br>• Identifica e representa sons: curto,longo, forte, piano, ascendente, descendente, agudo e grave.<br>• Identifica voces masculinas, femeninas e infantís.<br>• Recoñece visual e auditivamente os IPP da aula e os clasifica ( madeira, metal e parche)<br>• Coñece, identifica e representa:o pulso,figuras ( negra, dobre corchea), silencio de negra,clave de sol e pentagrama.<br>• Identifica o eco e a pegunta-resposta. |

| BLOQUE 2 : INTERPRETACION MUSICAL | | | |
|---|---|---|---|
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| j,k | • Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os instrumentos.<br>• Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.<br>• Notación musical e grafías como medio para representar a música: A clave de sol e o pentagrama.. A negra, o seu silencio e dobre corchea.. Notas:Sol, mi e la.<br>• Lectura e interpretación de fórmulas melódicas e rítmicas coas notas e figuras traballadas. | • Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos.<br>• Exercitar a vocalización e a pronuncia cando canta.<br>• Reproducir,crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz , o corpo ,os instrumentos e o movemento. | • Repite esquemas rítmicos con PC e con IPP.<br>• Canta cancións ao unísono respirando con corrección.<br>• Acompaña cancións e danzas con fórmulas rítmicas básicas.<br>• Le, escribe e interpreta esquemas rítmicos e melódicos coas figuras e notas traballadas. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | • Interpretación de cancións do corpo, magosto, panxoliñas … ao unísono.<br>• Utilización da PC e os IPP para acompañar as cancións, as danzas e as audicións | | |

| **BLOQUE 3 : A MUSICA, O MOVEMENTO E A DANZA** | | | |
|---|---|---|---|
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J, b,d,o | • Control do corpo: movemento e repouso.<br>• Práctica de desprazamentos básicos: marcha, carreira e saltiño e deseños no espazo.<br>• Improvisación de movementos a estímulos sonoros (duración, altura, intensidade, figuración rítmica,…)<br>• Práctica de coreografías e danzas en roda e por parellas.<br>• Acompañamento e sustitución por xestos para a interiorización das cancións | • Coñecer e valorar as posibilidades expresivas e de movemento do corpo.<br>• Realizar pequenas coreografías. | • Responde co seu corpo a estímulos sonoros ( calidadades do son, velocidade, figuras,....)<br>• Realiza a coreografía dunha danza adaptando o movemento corporal á música e en coordinación cos compañeiros. |

| 2º PRIMARIA 2º TRIMESTRE | | | |
|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1: A ESCOITA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J,b, d, o | • Identificación de trazos disintivos dos sons( calidades)<br>• Utilización de xogos informáticos para a discriminación auditiva.<br>• Audición activa de pezas clásicas con musicograma<br>• Audición de cancións( da paz, o inverno, o entroido,…)<br>• Identificación da forma musical(repetición AA e contraste AB) nas audicións ( pezas clásicas cortas, danzas,…) ,<br>• tempo musical: lento, andante e allegro)<br>• Pulso e acento.<br>• Normas básicas de comportamento nas audicións ( silencio, valoración, respeto…)<br>• Recoñecemento visual e auditivo de xilófono, metalófono e timbais( percusión), frauta, clarinete saxo e trompeta ( vento) | • Escoitar e describir características dos sons, obxectos e instrumentos.<br>• Manter unha actitude de respeto e de escoita activa.<br>• Identificar nas audicións o timbre , a velocidade , a intensidad ea forma musical ( repetición e contraste)..<br>• Recoñecer e clasificar instrumentos de percusión e vento. | • Explora as calidades sonoras do corpo, da voz, dos instrumenos e dos animais.<br>• Representa gráficamente e corporalmente as características dos sons escoitados.<br>• Utiliza aplicacións informáticas para a discriminación auditiva das calidades, figuras e notas e instrumentos traballados.<br>• Mantén o silencio nas actividades auditivas.<br>• Identifica nas cancións e obras musicais escoitadas a repetición (aa) e o contraste (AB).<br>• Recoñece e identifica os instrumentos de percusión e vento traballados e os clasifica. |

| BLOQUE 2: INTERPRETACION MUSICAL | | | |
|---|---|---|---|
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J,k,b | • Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación.<br>• Interpretación de cancións do inverno, da Paz, o entroido … ao unísono<br>• Lectura e interpretación de esquemas rítmicos e esquemas melódicos coas figuras ( blanca grafía e duración)e notas traballadas.( sol, mi, la)<br>• Utilización da PC e os IPP para acompañar as cancións, as danzas e as audicións.<br>• Selección e combinación de ostinatos rítmicos, e efectos sonoros para acompañar cancións, pezas instrumentais,… | • Exercitar a vocalización e a pronuncia na interpretación das cancións.<br>• Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz,o corpo, os instrumentos e o movemento. | • Interpreta individual e en grupo as cancións apendidas.<br>• Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos coas figuras e notas traballadas.<br>• Elixe e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para acompañar recitados, cancións,.... |

| BLOQUE 3: A MUSICA, O MOVEMENTO E A DANZA | | | |
|---|---|---|---|
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J, b, d, o | • Práctica de desprazamentos básicos.: Marcha, carreira, saltiño e paseo.<br>• Xogos motores para acompañar cancións, danzas, pezas instrumentales co pulso, o ritmo e o acento.<br>• Interpretación de danzas sinxelas coa forma AB. | • Realizar pequenas coreografías.<br>• Coñecer e valorar as posibilidades expresivas, sonoras e de movemento do corpo. | • Responde co seu corpo a estímulos sonoros ( desprazamentos básicos, figuras,...)<br>• Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.<br>• Realiza danzas coa forma AB interactuandocos compañeiros e compañeiras e respecstando as normas. |

| 2º PRIMARIA 3º TRIMESTRE | | | |
|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1: A ESCOITA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J, b, d, o,e | • Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características.<br>• Utilización de xogos e aplicación informáticas para a discriminación auditiva.<br>• Audición de cancións de animais, de primavera, con palmeados, populares galegas.<br>• Audición activa e recoñecemento de pezas musicais breves de culturas e estilos diferentes.<br>• Identificación das profesións relacionadas coa música( ccompositor, director, instrumentista e público)<br>• Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada.<br>• Pulso e acento. O compás binario.<br>• Timbre instrumental: Instrumentos de corda e instrumentos populares galegos: zanfona, gaita e pandeiro tradicional | • Explorar e describir as características dos sons, obxectos, materiais e instrumentos traballados.<br>• Manter unha actitude de silencio e respecto das normas durante a audición.<br>• Coñecer cancións e obras curtas de distints estilos e de diferentes compositores.<br>• Comunicar as sensacións e impresións da audición utilizando vocabulario axeitado.<br>• Recoñecer e clasificar algún instrumentos populares galegos. | • Manipula explora e describe os sons e instrumentos traballados así como os distintos materiais e obxectos.<br>• Utiliza aplicacións informáticas para a discriminación auditiva ( sons, instrumentos, voces, figuras,....)<br>• Mantén o silencio e respecta as normas de actuación durante a audición.<br>• Coñece algúns compositores e os relaciona coas súas obras.<br>• Coñece a función do compositor, director e instrumentista e valora os seus traballos.<br>• Emprega un vocabulario axeitado para desdribir as sensacións e impresións despois dunha audición.<br>• Utiliza aplicacións informáticas para realizar actividades musicais.<br>• Recoñece e identifica instrumentos populares galegos. |

| **BLOQUE 2: INTERPRETACION MUSICAL** | | | |
|---|---|---|---|
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J,k, | • Construción de instrumentos sinxelos con obxectos e materiais de reciclaxe.<br>• Utilización da PC e os IPP para acompañar as cancións, as danzas e as audicións<br>• Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos( tamén creados por | • Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais de obxectos manipulando distintos materiais como fonte de son.<br>• Manexar con corrección os IPP da aula.<br>• Interpretar un pequeno repertorio de cancións respirando e vocalizando correctamente. | • Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.<br>• Acompaña co corpo e os instrumentos de percusión as cancións e as danzas con fórmulas rítmicas básicas.<br>• Interpreta individualmente e en grupo as cancións. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | eles) para a sonorización de imaxes , situacións,… <br>• Lectura e interpretación simultánea de ritmo e notas. <br>• Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante pregunta resposta | • Reproducir esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e o movemento. | |

| **BLOQUE 3: A MUSICA, O MOVEMENTO E A DANZA** | | | |
|---|---|---|---|
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J, b, d, o | • Práctica de diversos deseños no espazo e dos desprazamentos básicos. <br>• Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros ( cualidades do son, figuras musicais, velocidade,….) <br>• Práctica dunha muiñeira ( paseo e punto)e xogos populares acompañados de cancións. | • Realizar pequenas coreografías. <br>• Coñecer e valorar as posibilidades expresivas, sonoras e de movemento do corpo. | • Responde co seu corpo a estímulos sonoros ( desprazamentos básicos, figuras,...) <br>• Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música. <br>• Reproduce e goza interpretando unha muiñeira interactuandocos compañeiros e compañeiras e respectando as normas. |

| 3º P RIMARIA 1º TRIMESTRE | | | |
|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1: A ESCOITA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| d, j, o | • O pulso. O acento.<br>• A intensidade: forte, mezzoforte e piano.<br>• A velocidade: adagio, andante, allegro, accelerando e ritardando.<br>• Calidades do son e da música: altura, duración e escalas ascendentes e descendentes.<br>• Cancións populares( magosto, panxoliñas)<br>• A Familia Percusión.<br>• Discriminación auditiva de compases binarios<br>• Audición activa de cancións<br>• Audición de obras de música clásica.<br>• Timbre dos instrumentos de percusión. | • Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.<br>• Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.<br>• Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son.<br>• Coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e outras para valorar o patrimonio musical, coñecendo a importancia do seu mantemento e difusión, e aprendendo o respecto co que deben afrontar as audicións e representacións. | • Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto<br>• Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contorno natural e social.<br>• Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais, sendo capaz de emitir unha valoración delas.<br>• Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características .<br>• Coñece e entende as normas de comportamento en audicións . |
| **BLOQUE 2: INTERPRETACION MUSICAL** | | | |

| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| --- | --- | --- | --- |
| b, d, j | • As notas sol, mi, la e do no pentagrama.<br>• Os signos de repetición en partituras.<br>• Compás de dous tempos, liñas divisorias e indicador de compás.<br>• Figuras musicais ( nome e partes): blanca, negra,dobre corchea,silencios de negra e blanca.<br>• Interpretación vocal de cancións.<br>• Acompañamento do pulso dunha melodía con PC e con instrumentos.<br>• Creación de acompañamentos rítmicos.<br>• Recitado de rimas seguindo pautas de interpretación musical. | • Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.<br>• Interpretar só ou en grupo, (coa voz ou instrumentos) composicións sinxelas asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando as normasde actuación.<br>• Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e materiais dos instrumentos de PP. | • Recoñece e clasifica instrumentos de PP,<br>• Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.<br>• Traduce á linguaxe musical melodías e ritmos sinxelos.<br>• Interpreta pezas vocais e instrumentais para distintos agrupamentos con e sen acompañamento.<br>• Coñece e interpreta cancións valorando a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural. |

| **BLOQUE 3: A MUSICA, O MOVEMENTO E A DANZA** | | | |
| --- | --- | --- | --- |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| d, j, o | • Movemento e danza.<br>• Interpretación de danzas de forma binaria AB.<br>• Expresión de ritmos e melodías mediante o movemento. | • Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorando a súa achega ao patrimonio e gozando da súa interpretación como unha forma de interacción social. | • Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.<br>• Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, entendendo a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras. |

| 3º PRIMARIA 2º TRIMESTRE | | | |
|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1: A ESCOITA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| d, j,o | • A voz, tipos de voces (masculinas, femininas e infantís).<br>• Audición activa de obras de música clásica<br>• Descrición de sensacións que transmite a música.<br>• Audición activa de cancións infantís e populares<br>• Recoñecemento de timbres de voces e instrumentos de láminas epopulares galegos.<br>• Recoñecemento auditivo de ritmos.<br>• Discriminación de interpretacións ao unísono e en forma de canon.<br>• Identificación auditiva da forma musical binaria (AA e AB).<br>• Identificación de sons nunha paisaxe sonora. | • Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.<br>• Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.<br>• Coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e outras para valorar o patrimonio musical, coñecendo a importancia do seu mantemento e difusión, e aprendendo o respecto co que deben afrontar as audicións e representacións. | • Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons<br>• Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais, sendo capaz de emitir unha valoración delas.<br>• Interésase por descubrir diferentes obras e utilízaas como referencia para as creacións propias.<br>• Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |
| **BLOQUE 2: INTERPRETACION MUSICAL** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| b, d, j | • Calidades do son, o timbre e a intensidade.<br>• A velocidade da música.<br>• Instrumentos populares: zanfona, tambor e pandeireta.<br>• Forma musical binaria (AA e AB).<br>• Análise de elementos da linguaxe musical en partituras( figuras, notas signo repetición, dobre barra final,) | • Entender e utilizar as posibilidades da voz para interpretar, crear e improvisar.<br>• Interpretar só ou en grupo, composicións sinxelas asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas dos demais como á persoa que asume a dirección.<br>• Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes | • Recoñece e clasifica instrumentos de percusión segundo a súa afinación ( melódicos/ rítmicos)<br>• Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.<br>• Traduce á linguaxe musical melodías e ritmos sinxelos.<br>• Interpreta pezas vocais e instrumentais diferentes con e sen acompañamento. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | • Iniciación aos instrumentos de láminas. Interpretación de cancións ao unísono e en forma de canon.<br>• Interpretación de melodías e acompañamentos con instrumentos de láminas ePP•Creación de acompañamentos con percusión corporal. | materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. | • Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, valorando a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural. |

| **BLOQUE 3: A MUSICA, O MOVEMENTO E A DANZA** | | | |
|---|---|---|---|
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| j,d,o | • Danza en forma de canon.<br>• Danza con forma binaria AA' ou AB<br>• Dramatización dunha peza musical.<br>• Expresión de ritmos e melodías mediante o movemento. | • Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorando a súa achega ao patrimonio e gozando da súa interpretación como unha forma de interacción social. | • Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social.<br>• Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.<br>• Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas. |

| 3º PRIMARIA 3º TRIMESTRE | | | |
|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1: A ESCOITA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| d, j, o | • Audición activa de obras de música clásica, de cancións infantís e populares.<br>• Recoñecemento de agrupacións instrumentais( solista,dúo, trío, cuarteto, orquestra,)<br>• Recoñecemento de instrumentos da orquestra<br>• Identificación de timbres de instrumentos das tres familias.<br>• Recoñecemento auditivo de ritmos e compás ternario.<br>• Identificación auditiva da forma musical ternaria (ABA e ABC). | • Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son.<br>• Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.<br>• Coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e outras para valorar o patrimonio musical, coñecendo a importancia do seu mantemento e difusión, e aprendendo o respecto co que deben afrontar as audicións e representacións. | • Identifica, clasifica e describe utilizando un vocabulario preciso as calidades dos sons .<br>• Distingue tipos de instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.<br>• Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características e utilízaas de referencia para as creacións propias.<br>• Coñece, entende e observa as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |
| **BLOQUE 2: INTERPRETACION MUSICAL** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| b, d, j | • Timbre instrumental : Percusión, vento e corda.Instrumentos da orquestra<br>• Agrupacións instrumentais.<br>• Forma musical ternaria (ABA e ABC).<br>• Lectura e análise de partituras.<br>• Interpretación de ritmos con forma ternaria.<br>• Interpretación , creación e improvisación de acompañamentos rítmicos en forma de eco e en forma de pregunta-resposta con PC e cos instrumentos de percusión. | • Entender a voz como instrumento e recurso expresivo para interpretar, crear e improvisar.<br>• Interpretar mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, composicións sinxelas e respectando as normas de actuación.<br>• Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. | • Recoñece,explicaas características e clasifica instrumentos e agrupacións instrumentais.<br>• Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.<br>• Interpreta pezas vocais e instrumentais para distintos agrupamentos con e sen acompañamento.<br>• Coñece e interpreta as cancións, valorando a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.<br>• Constrúe un insrumento musical con material de reciclaxe. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | • Construción de instrumentos con material reciclado.•Creación e interpretación de formas musicais binarias e ternarias a partir de fragmentos rítmicos ou melódicos.<br>• Práctica da técnica correcta para tocar os instrumentos de láminas. | | |
| **BLOQUE 3: A MUSICA, O MOVEMENTO E A DANZA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| d, j.o | • O ritmo ternario a través do movemento.<br>• O valse<br>• Interpretación de danzas de forma ternaria<br>• Creación de pasos de baile para completar unha coreografía.<br>• Dramatización dunha historia musical. | • Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorando a súa achega ao patrimonio e gozando da súa interpretación como unha forma de interacción social. | • Identifica e utiliza o corpo como forma de interacción social.<br>• Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.<br>• Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais entendendo a importancia da súa continuidade . |

| 4º PRIMARIA 1º TRIMESTRE | | | |
|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1: A ESCOITA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J,d,o, i | • Recoñecemento das calidades do son:altura, duración, intensidade e timbre.<br>• Audición activa de pezas variadas acompañadas dun musicograma ( instrumentos e forma musical)<br>• Actitude atenta e silenciosa nas audicións..<br>• Acento e pulso .<br>• Elementos musicais: p, mf, f, crescendo e decrescendo, reguladores. ( indicadores de tempo e matices).<br>• Compases 2/4 e 3/4 . Ritmo binario e ternario.<br>• Timbre instrumental e clasificación: Pecusión, vento e corda. Percusión determinada e indeterminada.<br>• Recoñecemento das partes dunha peza musical. Forma musical binaria. | • Identificar e describir as características das calidades dos sons do contexto.<br>• Utilizar a escoita musical para coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura edoutras culturas.<br>• Analizar a organización das pezas escoitadas describindo os elementos que as compoñen ( velocidade, matices, timbre instrumental, forma,…)<br>• Coñecer e identificar as tres familias instrumentais ( Percusión, vento e corda) amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas.<br>• Utilizar recursos gráficos durante a audición para a súa análise. | • Describe os sons escoitados atendendo ás súas calidades.<br>• Manifesta as súas impresións e sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.<br>• Coñece e respecta as normas de comportamento nas audicións e representacóns musicais.<br>• Distingue e clasifica os tipos de voces e os instrumentos.<br>• Identifica e describe as variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de pezas musicais.<br>• Identifica e completa compases de 2/4 e 3/4.<br>• Identifica visual e auditivamente instrumentos das tres familias.<br>• Clasifica os instrumentos por familias.<br>• Identifica as partes dunha peza musical a través dun musicograma.<br>• Representa gráficamente a estrutura da música escoitada. |
| **BLOQUE 2: INTERPRETACION MUSICAL** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J, b, d | • Lectura , escritura e ditado musical con negra, branca, redonda , corcheas e os seus silencios en compás binario e ternario.<br>• As notas no pentagrama: notas en liña e notas en espazo. | • Recoñecer e interpretar os elementos básicos da linguaxe musical traballados.<br>• Valorar o traballo feito, avaliar e propor acción de mellora nas actividades de linguaxe musical.<br>• Acompañar cancións e pezas musicais cos instrumentos de láminas. | • Coñece e utiliza os elementos da linguaxe musical traballados.<br>• Interpreta cancións e pezas instrumentais sinxelas con e sen acompañamento.<br>• Emprega diversos materiais, instrumentos,.. para a sonorización de textos, e imaxes. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | • Iniciación aos instrumentos de láminas en acompañamentos de pezas sinxelas.<br>• Reprodución de cancións colectivamente con ou sen acompañamento ( magosto, de nadal).<br>• Sonorización de imaxes, situación, textos,… usando distintos materiais e instrumentos. | • Interpretar as cancións traballadas en grupo valorando o traballo realizado e a súa posterior valoración.<br>• Explorar e utilizaras posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos, … | |
| **BLOQUE 3: A MUSICA, O MOVEMENTO E A DANZA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J, b, o | • Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal.<br>• Realización de pequenas coreografías para obras musicais breves e danzas de forma binaria.<br>• Creación de pequenas coreografías para unha danza de forma binaria.<br>• Reprodución de xogos motores e secuencias de movemento procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva. | • Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.<br>• Interpretar danzas galegas e doutras culturas. | • Identifica e utiliza o corpo para a expresión de sentimentos e emocións como forma de interacción social.<br>• Reproduce e inventa pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma binaria.<br>• Controla a postura e a coordinación coa música cando intervén nos xogos de movemento e nas danzas.<br>• Goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas. |

| 4º PRIMARIA 2º TRIMESTRE | | | |
|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1: A ESCOITA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J, d, o | • Asistencia a representacións musicais e comentario posterior.<br>• Respecto polas normas de comportamento nas representacións musicais.<br>• Timbre instrumental: Instrumentos de corda : fretada, punteada e percutida.<br>• Audición activa<br>• Elementos musicais: tempo adagio, andante, allegro, accel e ritard<br>• Recoñecemento das partes dunha peza musical. Forma musical ternaria .<br>• Compás de 4/4 . A redonda e o seu silencio.<br>• Identificación de voces graves e agudas | • Utilizar a escoita musical para coñecer exemplos de obras variadas da nosa e das outras culturas.<br>• Analizar a organización de obras sinxelas e describir os elementos que as compoñen.<br>• Coñecer e identificar os instrumentos de corda e os seus grupos.<br>• Utilizar recursos gráficos na audición e rexistros para a análise posterior. | • Expresa as súas apreciacións persoais sobre a música escoitada.<br>• Coñece e respecta as normas de comportamento nas audicións ( dentro e fóra da aula).<br>• Distingue e clasifica as voces agudas e graves, os instrumentos de corda e o tempo musical.<br>• Identifica e completa compases de 4/4<br>• Identifica as partes dunha peza musical de forma ternaria e representa gráficamente a súa estrutura. |
| **BLOQUE 2: INTERPRETACION MUSICAL** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J, b | • Lectura, escritura e ditado musical cas figuras e silencios traballados en compás de 2/4, 3/4 e 4/4.<br>• A escala de do ascendente e descendente<br>• Utilización daos instrumentos de láminas en acompañamentos de pezas sinxelas.<br>• Reprodución de cancións da paz, o entroido, ao unísono. | • Recoñecer e interpretar os elementos básicos da linguaxe musical traballados ( figuras e silencios, compases, notación)<br>• Interpretar as cancións aprendidas e as pezas instrumentales utilizando a linguaxe musical, valorando e avaliando o seu resultado.<br>• Explorar estruturas musicais para un acompañamento musical en grupo. | • Coñece e utiliza os elementos da linguaxe musical traballados<br>• Interpreta as cancóns e os acompañamentos con láminas coordinándose e sincronizándose cos demais.<br>• Analiza a interpretación e valora o resultado amosando interese por mellorar. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | • Coordinación e sincronizacióni ndividual e colectiva na interpretación das cancións e dos acompañamentos instrumentales.<br>• Análise e comentario posterior das gravacións das diferentes interpretacións.<br>• Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas. | | • Improvisa sobre elementos dados previamente para realizar un acompañamento.<br>• Amosa respecto polas aportacións dos demais membros do grupo. |
| **BLOQUE 3: A MUSICA, O MOVEMENTO E A DANZA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J, b, o | • Realización de pequenas coreografías para obras musicais breves de forma ternaria controlando a postura e a coordinación coa música.<br>• Creación de pequenas coreografías para unha danza de forma ternaria.<br>• Interpretación de danzas tradicionais. | • Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.<br>• Interpretar danzas de forma ternaria, da nosa cultura e doutros países. | • Interpreta danzas de forma ternaria.<br>• Inventa pequenas coreografías, en grupo, para pezas musicais de forma ternaria.<br>• Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas. |

| 4º P RIMARIA 3º TRIMESTRE | | | |
|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1: A ESCOITA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J, d, o | • Audición e análise de obras de distintas características e procedencias.<br>• Timbre instrumental. Instrumentos populares galegos: gaita, zanfona, pandeiro,…<br>• Interese polo repertorio tradicional galego .<br>• Identificación de agrupacións musicais galegas: cantadeiras, cuarteto tradicional, murga,….<br>• Audición activa<br>• Recoñecemento das partes dunha peza musical. Forma musical rondó.<br>• Repaso dos compases traballados | • Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer a variedade de obras das distintas culturas.<br>• Identificar e describir elementos musicais nas actividades auditivas.<br>• Analizar a organización de obras musicais e describir os elementos que as compoñen.<br>• Coñecer eidentificar os principais instrumentos populares galegos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas.<br>• Utilizar recursos gráficos na audición e rexistros para a análise posterior. | • Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia.<br>• Expresa as sensacións e apreciacións persoais sobre a música escoitada.<br>• Describe e dá información sobre os elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.<br>• Distingue visual e auditivamente instrumentos populares galegos.<br>• Identifica e describe as agrupacións musicais galegas traballadas.<br>• Identifica, clasifica e completa os compases traballados.<br>• Procura información e presenta un traballo sobre os instrumentos galegos e as principais agrupacións galegas.<br>• Identifica as partes dun rondó e representa gráficamente a súa estrutura |
| **BLOQUE 2: INTERPRETACION MUSICAL** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J, b,d | • Ditados melódico-rítmicos sinxelos.<br>• A escala pentatónica nos instrumentos de láminas.<br>• Utilización dos instrumentos de láminas en acompañamentos de pezas sinxelas.<br>• Reprodución de cancións populares galegas.<br>• Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas. | • Recoñecer e interpretar os elementos básicos da linguaxe musical traballados ( figuras e silencios, compases, notación)<br>• Interpretar as cancións populares galegas con vocalización e afinación correctas.<br>• Interpretar un repertorio básico de cancións, con ou sen acompañamento avaliando o resultado. | • Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.<br>• Goza coa interpretación das cancións e os acompañamentos instrumentais.<br>• Explora e utiliza a escala pentatónica para improvisar nos acompañamentos.<br>• Crea, en grupo, unha sinxela peza musical a partir da selección, combinación e organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e manexados.<br>• Constrúe un instrumento musical con material de reciclaxe. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | • Creación de pequenas melodías e acompañamentos sinxelos para melodías dadas.<br>• Análise e comentario posterior das gravacións das diferentes interpretacións.<br>• Construción dun instrumento de percusión con material de reciclaxe. | • Explorar, seleccionar e combinar ideas musicais para crear unha sinxela peza musical, en grupo.<br>• Explorar e utilizar as posibilidades sonoras de diferentes materiais. | |
| **BLOQUE 3 : A MUSICA, O MOVEMENTO E A DANZA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| | • Realización de pequenas coreografías para obras musicais breves de forma rondó.<br>• Creación de pequenas coreografías para unha danza de forma rondó.<br>• Interpretación dunha muiñeira procurando a coordinación coa música e cos demais compañeiros. | • Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.<br>• Interpretar danzas da nosa cultura e doutros países | • Inventa e reproduce pequenas coreografías coa forma rondó.<br>• Recoñece a muiñeira como a danza máis representativa da cultura galega. Reproduce e goza interpretando unha muiñeira e danzas propias doutras culturas. |

| 5º P RIMARIA 1ºTRIMESTRE | | | |
|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1:A ESCOITA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| a, d,h, i,j | • A contaminación acústica.<br>• As calidades do son.<br>• Matices de intensidade.<br>• Instrumentos cordófonos.<br>• Instrumentos do mundo: sitar, balafón, buzuki, erhu e acordeón.<br>• Indicadores de velocidade.<br>• Identificación das partes dunha peza musical. As formas musicais( binaria e ternaria)<br>• Tipos de voz. Agrupacións vocais e corais.<br>• Compases de 2/4, 3/4 e 4/4<br>• Grupo rítmico de corchea e dúas semicorcheas.<br>• Audición activa de cancións<br>• Audición de obras de música clásica | • Escoita obras diferentes,recoñecendo as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior.<br>• Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.<br>• Utilizar recursos gráficos durante a audición.<br>• Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.<br>• Coñecer e identificar os instrumentos cordófonos e identificar as súas características.. | • Expresa as sensacións, impresións e sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical respectando as opinión dos demais.<br>• Identifica, clasifica e describe utilizando un vocabulario preciso as calidades dos sons .<br>• Recoñece e clasifica instrumentos e agrupacións vocais e instrumentais<br>• Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.<br>• Coñece e entende as normas en audicións e representacións musicais. |

| BLOQUE 2: INTERPRETACION MUSICAL | | | |
|---|---|---|---|
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| b, i,j | • O metrónomo.<br>• O indicador de compás.<br>• Repaso figuras musicais e compases<br>• A semicorchea e o seu silencio.<br>• Signos de repetición de «1.ª vez» e «2.ª vez».<br>• As notas no pentagrama.<br>• A frauta doce: coidados , partese técnica para tocala.Dixitación: si, la, sol, mi<br>• Os cordófonos<br>• Interpretación dunha paisaxe sonora con ostinatos vocais.<br>• Acompañamento con percusión corporal.<br>• Interpretación con frauta doce e instrumentos de láminas.<br>• Interpretación vocal de cancións.<br>• Creación e interpretación vocal de formas musicais.<br>• Creación de ostinatos rítmicos para acompañar unha canción.<br>• Antonio Vivaldi | • Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.<br>• Interpretar cancións e pezas instrumentais só ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando á persoa que asume a dirección.<br>• Participar en producións musicais sinxelas de maneira desinhibida e pracenteira, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración | • Identifica, clasifica e completa os compases traballados.<br>• Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.<br>• Interpreta pezas vocais e instrumentais para distintos agrupamentos con e sen acompañamento.<br>• Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar<br>• Busca información bibliográfica, en medios de comunicación ou na internet, sobre instrumentos cordófonos |

| BLOQUE 3: A MUSICA, O MOVEMENTO E A DANZA | | | |
|---|---|---|---|
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| b, j, o | • Movemento e danza.<br>• Interpretación de danzas con forma binaria e con forma ternaria.<br>• Expresión de ritmos e melodías mediante o movemento | • Empregar as posibilidades expresivas do corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de forma lúdica<br>• Interpretar danzas propias da cultura galega e doutras culturas amosando interese e respecto por elas. | • Utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social.<br>• Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais con forma binaria e con forma ternaria. |

| 5º PRIMARIA 2º TRIMESTRE | | | |
|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1: A ESCOITA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| a, d, h,i , j | • O son como medio de comunicación.<br>• Audición de varias versións dunha peza musical do repertorio clásico.<br>• Elaboración dun comentario sobre versións comparadas e sobre unha audición.<br>• Os instrumentos de vento ( aerófonos)<br>• As agrupacións instrumentais:orquestra, banda, tuna, cuarteto,<br>• Identificación compases binarios, ternarios e cuaternarios.<br>• Formas musicais: rondó | • Escoitar varias versións dunha peza recoñecendo as diferencias e similitudes facendo unha valoración posterior.<br>• Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as componen utilizando musicogramas<br>• Coñecer e identificar os instrumentos aerófonos e as agrupacións instrumentais e identificar as súas características .<br>• Procurar e seleccionar información sobre os instrumentos de vento para realizar unha exposición oral. | • Expresa as súas impresións despois da escoita respectando as outras opinión.<br>• Coñece e respecta as normas de comportamento nas audicións.<br>• Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.<br>• Identifica, clasifica e describe as características das agrupacións instrumentais.<br>• Identifica de forma visual e auditiva e clasifica os instrumentos aerófonos<br>• Procura, selecciona e expón a información de maneira clara e ordeada. |

| **BLOQUE 2 : INTERPRETACION MUSICAL** | | | |
|---|---|---|---|
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| b, i, j | • Frauta doce: dixitación pentacorde<br>• Ditados rítmicos: figuras e silencios en Compases binarios, ternarios e cuaternarios.<br>• Ditados rítmico- melódicos.<br>• Os signos de prolongación do son.<br>• Grupo rítmico de corchea con puntillo e semicorchea. | • Interpretar acompañamentos, cancións e pezas instrumentais con frauta, láminas e PP, valorando e avaliando o resultado.<br>• Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.<br>• Participar en producións musicais sinxelas de maneira desinhibida e pracenteira, mostrando actitudes de respecto e colaboración. | • Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de pezas instrumentais e cancións.<br>• Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento<br>• Amosa interese e esforzó por mellorar nas súas interpretacións<br>• Crea e representa mediante grafías convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada, individualmente ou en grupos no contexto da aula |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | • Creación e interpretación dun rondó a partir dun retrouso dado.<br>• Interpretación con frauta doce e instrumentos de láminas( A escala pentatónica)<br>• Acompañamento PC e con obxectos sonoros.<br>• Instrumentos aerófonos.<br>• Beethoven<br>• Creación de melodías a partir dun ritmo dado.<br>• Interpretación vocal de cancións | • Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. | • Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.<br>. |
| **BLOQUE 3: A MUSICA, O MOVEMENTO E A DANZA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| b,j, o | • Expresión de ritmos e melodías mediante o movemento<br>• Interpretación dun rondó<br>• Creación de pequenas coreografías. | • Empregar as posibilidades expresivas corpo coordinanándose cos demais para realizar representacións musicais colectivas de forma lúdica.<br>• Interpretar un rondó e danzas variadas.<br>• Improvisar en grupo movementos para a creación de coreografías e explicar con as decisións tomadas no proceso de creación, as dificultades atopadas e as solucións adoptadas. | • Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.<br>• Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.<br>• Planifica a coreografía de acordo coa estrutura musical dada.<br>• Reproduce e goza interpretando as danzas . |

| 5º P RIMARIA 3º TRIMESTRE | | | |
|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1: A ESCOITA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| a, d, h,i, j | • Música descritiva.<br>• As agrupacións vocais( coro, escolanía, cuarteto,…)<br>• A orquestra: historia, tipos e distribución das seccións.<br>• Composición dunha melodía.<br>• Repaso de formas musicais.•Audición de obras de música clásica e cancións variadas. | • Escoitar obras diferentes e facer unha valoración posterior.<br>• Identificar e analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.<br>• Coñecer e identificar as características dunha orquestra e das distintas agrupacións vocais. | • Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical<br>• Identifica e describe utilizando un vocabulario preciso a forma musical das obras escoitadas.<br>• Distingue e identifica as sección dunha orquestra e as agrupacións vocais.<br>• Coñece e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |

| BLOQUE 2: INTERPRETACION MUSICAL | | | |
|---|---|---|---|
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| b, i, j | • Modos de interpretar unha canción: a capela, con acompañamento, ao unísono, en canon, en eco e en forma de pregunta-resposta.<br>• Interpretación vocal de cancións<br>• Acompañamento con ostinatos vocais<br>• Interpretación e acompañamento con instrumentos de láminas e PP•Improvisación dun acompañamento rítmico con obxectos sonoros.<br>• Instrumentos idiófonos e membranófonos.<br>• Procura de información sobre eses instrumentos.<br>• Dixitación frauta doce: escala de do<br>• Signos de repetición Da Capo e Da Capo a Fine.<br>• A anacruse.<br>• compositor G. Bizet<br>• Composición dunha melodía.<br>• Creación dunha melodía para frauta a partir de varios fragmentos dados.<br>• Construción dun instrumento con materiais de reciclaxe. | • Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.<br>• Interpretar só ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando, tanto as achegas dos demais como á persoa que asume a dirección.<br>• Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. | • Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas e recrealas.<br>• Recoñece e clasifica instrumentos idiófonos e membranófonos.<br>• Utiliza a linguaxe musical para a interpretación das pezas vocais e instrumentais.<br>• Interpreta pezas vocais e instrumentais de avaliando a interpretación e esforzándose por mellorar.<br>• Crea unha meodía para frauta a partir de varios fragmentos dados.<br>• Constrúe un instrumento musicalcon materiais de reciclaxe.<br>• Busca información bibliográfica, en medios de comunicación ou na internet, información sobre instrumentos e sobre G. Bizet . |

| BLOQUE 3: A MUSICA, O MOVEMENTO E A DANZA | | | |
|---|---|---|---|
| OBXC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| b, j, o | • Seguimento do compás da música mediante movementos<br>• Os pasos dunha danza. Memoria corporal.<br>• Interpretación de danzas.<br>• Creación dunha coreografía completa para unha danza.<br>• Dramatización dunha historia musical. | • Adquirir as capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorando a súa achega ao patrimonio e gozando da súa interpretación como unha forma de interacción social.<br>• Interpretar danzas variadas propias da cultura galega e doutras culturas.<br>• Improvisar en grupo movementos para a creación de coreografías e explicar con as decisións tomadas no proceso de creación, as dificultades atopadas e as solucións adoptadas | • Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social.<br>• Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.<br>• Planifica a coreografía de acordo coa estrutura musical dada colaborando co grupo e respectando as opinión dos demais. |

| 6º PRIMARIA 1º TRIMESTRE | | | |
|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1: A ESCOITA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J, b, e, a, d | • Identificación e apreciación das calidades do son do contexto.<br>• Identificación do canon<br>• Identificación a través da escoita de tipos de voces : soprano, contralto, tenor e baixo.<br>• Clasificación técnica segundo a produción do son: aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos.<br>• Identificación deses instrumentos a través da escoita.<br>• Actitude atenta e silenciosa nas actividades auditivas e nas representacións musicais | • Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son para que servan de referencia para creación propias.<br>• Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.<br>• Coñecer exemplos de música da nosa e doutras culturas valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión. | • Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons utilizando un vocabulario axeitado.<br>• Tras a escoita da peza musical distingue a súa estrutura ( forma musical).<br>• Distingue tipos de voces graves e agudas de homes e mulleres.<br>• Identifica instrumentos e os clasifica en cordófonos, aerófonos, idiófonos, membranófonos e electrófonos.<br>• Amosa interese por descubrir a variedade musical e a súa valoración.<br>• Coñece e cumpre as normas de comportamento nas audicións e representacións musicais. |

| **BLOQUE 2: INTERPRETACION MUSICAL** | | | |
|---|---|---|---|
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J, e, k,b | • Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz.<br>• Práctica, interpretacion e memorización de cancións en forma de canon.<br>• Recoñecemento de rexistros da voz e agrupacións instrumentais e vocais.<br>• Interpretación de pezas ( canon) con frauta e instrumentos de percusión ( IPAD e IPAI).<br>• Interese pola mellora na interpretación e no resultado final..<br>• Lectura , escritura das figuras traballadas ( negra, branca, | • Entender a voz como instrumento e recurso expresivo para interpretar, improvisar e crear.<br>• Interpreta cancións en forma de canon e pezas instrumentales con frauta e IP asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando á persoa que asume a dirección.<br>• Utilizar os medios de comunicación e internet para buscar e seleccionar información sobre compositores, instrumentos,… | • Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas.<br>• Recoñece e clasifica agrupacións vocais e instrumentais e explica a súa formación..<br>• Interpreta pezas vocais e instrumentais variadas amosando respecto polo traballo das demais persoas.<br>• Amosa responsabilidade no traballo musical individual e colectivo.<br>• Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de pezas con frauta e con láminas.<br>• Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | redonda, corchea e semicorchea e os seus silencios) en compases binarios, ternarios e cuaternarios.<br>• Ditados melódico-rítmico sinxelos.<br>• Presentación dun traballo sobre os instrumentos e compositores utilizando internet para a procura de información | | • Presenta e expón a información de xeito claro, ordeado e limpo. |
| **BLOQUE 3 : A MUSICA, O MOVEMENTO E A DANZA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J, b, h, o | • Valoración das posobilidades expresivas e comunicativas do corpo nas distintas actividades de movemento.<br>• Práctica e interpretación de un canon de movemento.<br>• Interpretación de danzas coidando a coordinación individual e colectiva.<br>• Gravación das danzas e posterior valoración e análise. | • Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a danza e a expresión corporal.<br>• Gozar coa interpretación das actividades de movemento e das danzas como unha forma de interacción social. | • Identifica o corpo como instrumento para expresar sentimentos e emocións e como forma de interacción social.<br>• Reproduce un canon de movemento.<br>• Reproduce e goza interpretando as diferentes danzas.<br>• Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar. |

| 6º PRIMARIA 2º TRIMESTRE | | | |
|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1: A ESCOITA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J, b, h, o | • Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas ( binaria. Lied, rondó)<br>• Identificación a través da escoita de música contemporánea de tipos de voces, agrupacións vocais e instrumetais.<br>• Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas. | • Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.<br>• Coñecer exemplos de obras variadas(clásicas e contemporáneas) da nosa cultura e doutras valorando o patrimonio musical . | • Identifica tipos de voces e agrupacións vocais e as describe.<br>• Distingue tipos de instrumentos e agrupacións instrumentais e os describe.<br>• Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características e comenta as súas impresións. |

| **BLOQUE 2: INTERPRETACION MUSICAL** | | | |
|---|---|---|---|
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J, b, d, a | • Práctica, interpretacion e memorización de cancións a dúas voces.<br>• Interpretación de pezas ( a dúas voces) con frauta e instrumentos de percusión ( IPAD e IPAI).<br>• Gravación e rexistro das interpreacións vocais e instrumentais para realizar unha valoración e análise posteriores.<br>• Creación, por grupos dunha pequena melodía para frauta .Traballo cooperativo.<br>• Utilización das figuras e silencios traballados na interpretación de cancións e sinxelas pezas instr. | • Interpretar composicións sinxelas , individual ou colectivamente, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación e respectando as normas de actuación. | • Canta e interpreta unha peza musical con frauta a dúas voces.<br>• Interpreta pezas vocais e instrumentais ( frauta, láminas) de diferentes épocas e culturas para distintos agrupamentos.<br>• Analiza as interpretacións feitas, recoñece os erros e amosa interese por traballar para corrixilos.<br>• Amosa respecto polas achegas dos demais e responsabilidade no traballo colectivo.<br>• Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de cancións e pezas instrumentais.. |

| BLOQUE 3: A MUSICA, O MOVEMENTO E A DANZA | | | |
|---|---|---|---|
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J, b, h, o | • Valoración das posobilidades expresivas e comuncativas do corpo nas distintas actividades de movemento.<br>• Interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas coidando a coordinación individual e colectiva.<br>• Valoración e recoñecemento da contribución das danzas ao noso patrimonio artístico e cultural. | • Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar as distintas actividades de movemento e as danzas aprendidas. | • Controla a postura, a coordinación coa música e cos demais cando realiza actividades de movemento e danzas.<br>• Coñece danzas de distintos lugares e épocas e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.<br>• Amosa respecto polas demais persoas e colabora con eles. |

| 6º PRIMARIA 3º TRIMESTRE | | | |
|---|---|---|---|
| **BLOQUE 1: A ESCOITA** | | | |
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J, b, o e | • Identificación a través da escoita de variacións e contrastes de velocidade.<br>• A música en diferentes contextos: gravacións, concertos, videoclips, cine, debuxos animados, internet…<br>• Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas | • Analizar as obras musicais despois da escoita e describir os elementos que a componen.<br>• Comentar formulando opinións acerca das manifestacións musicais en diferentes contextos escoitados e visualizados na aula. | • Variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.<br>• Goza como oínte de diferentes manifestacións musicais e manifesta a súa impresión e valoración.<br>• Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |

| **BLOQUE 2: INTERPRETACION MUSICAL** | | | |
|---|---|---|---|
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J, e, k, b | • Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz..<br>• Interpretación das cancións procurando unha mellor dicción, afinación e técnica vocal.<br>• Gravación e rexistro das interpretacións vocais e instrumentais para realizar unha valoración e análise posteriores.<br>• Interpretación de pezas con frauta e láminas.<br>• Sonorización de imaxes e contos combinando elementos corporales e sonoros( obxectos, instrumentos, dispositivos electrónicos,….)<br>• Construción dun instrumento musical.<br>• Proxecto: actuación fin de curso | • Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son para que servan de referencia para creación propias.<br>• Interpretar composicións sinxelas mediante a voz ou instrumentos con procedementos musicais de repetición, variación e contraste. | • Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de cancións e pezas instrumentais ( con frauta e láminas).<br>• Amosa respesto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.<br>• Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos,..<br>• Emprega materiais diversos, instrumentos, sons corporais,… para sonorizar imaxes e contos.<br>• Constrúe un instrumento con material de reciclaxe.<br>• Analiza as interpretacións feitas, recoñeceos erros e interésase por traballar para corrixilos.<br>• Respecta e valora as achegas dos demais membros do grupo. |

| BLOQUE 3: A MUSICA, O MOVEMENTO E A DANZA | | | |
|---|---|---|---|
| OBXEC | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACIÓN | ESTANDARES APRENDIZAXE |
| J, b, o, h | • Valoración das posobilidades expresivas e comuncativas do corpo nas distintas actividades de movemento.<br>• Invención de coreografías ( por grupos) para cancións e pezas musicais de diferentes estilos.<br>• Gravación das creación dos grupos e posterior valoración e análise. | • Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico.<br>• Inventar e interpretar en grupo coreografías utilizando como base a música actual de xeito desinhibido e pracenteiro, mostrando confianza nas propias posibilidades e mostrando actitudes de respecto cara aos demais | • Crea unha coreografía sinxela a partir dos recursos aprendidos na clase tomando como base a música actual e interpretando a devandita coreografía de xeito coordinado<br>• Planifica a coreografía ,explica as decisión tomadas ao longo do proceso de creación, as dificultades atopadas e as solución dadas.<br>• Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais e entende a importancia da súa continuidade. |

**4. TEMPORALIZACIÓN**

Tendo en conta o calendario escolar para este curso , a distribución por sesións semanais para cada trimestre queda como segue:

| | 1º TRIM | 2º TRIM | 3º TRIM |
|---|---|---|---|
| 1º | 13 | 11 | 9 |
| 2º | 15 | 12 | 10 |
| 3º | 13 | 11 | 9 |
| 4º | 14 | 11 | 10 |
| 5º | 14 | 11 | 10 |
| 6º | 12 | 12 | 8 |

Nos primeiros días de setembro levarase a cabo a avaliación inicial.

**5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA E ACTIVIDADES**

A metodoloxía utilizada en Educación Musical debe ser asumida dende a perspectiva de "saber facer", é dicir, os procesos de aprendizaxe realizaranse a partires da propia experiencia, actuar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas.

A forma de afrontar a clase de música debe ser alegre e distendida co que favoreceremos a atención do alumnado, a súa participación, a súa relación social e a súa capacidade de comunicación.

A educación musical parte dunha pedagoxía activa na que os nenos e nenas son os protagonistas dos procesos de percepción e expresión dos distintos aspectos da formación musical: percepción auditiva, expresión vocal e canto, expresión instrumental, movemento e danza e a lenguaxe musical.

As actividades musicais que se realizan na clase necesitan, polo tanto, a total implicación do alumnado. Tan só en momentos puntuais a clase é maxistral .

Faremos actividades diferentes según o momento do proceso de ensinaza-aprendizaxe: de iniciación e motivación; de desenvolvemento e de aprendizaxe; de síntese e autoavaliación; de reforzo para alumnos que presenten dificultades, e actividades de ampliación para alumnos que poden avanzar a maior ritmo.

As actividades serán variadas e fomentarán o traballo individual( fichas), en gran grupo(coreografías, interpretaciós instrumentais...), en equipo, empregando as novas tecnoloxías.

Na clase de música as liñas de actuación pedagóxica son as seguintes:

• Integrar ao alumnado nas distintas actividades dunha forma activa e participativa.

• Utilizar o xogo como base da expresión musical. Non se pretende xogar coa música senon presentalo todo como un xogo.

• Crear un clima de silencio no recoñecemento e discriminación de sons de fontes sonoras diferentes ( corpo, colexio, propios de cada estación, profesións, de voces , de instrumentos, agrupacións instrumentais e vocais…) e nas audicións, favorecendo a escoita atenta.

• Detección de ideas previas sobre os aspectos a traballar, favorecendo a relación entre o que xa sabe e os novos contidos.

• Fragmentación das actividades. Trátase de presentar a aprendizaxe dos novos contidos e as técnicas interpretativas( vocal, instrumental e danza) de xeito gradual.

• Partir do máis próximo para a exploración das posibilidades sonoras.

• Partir do traballo en eco e a imitación para pasar posteriormente á pregunta-resposta, á improvisación e á posterior creación , a nivel vocal, rítmico, instrumental e coreográfico , con toda a clase, en pequenos grupos e individualmente.

O traballo en grupo colaborativo será unha forma de entrenar as diferentes habilidades e destrezas para cultivar a propia capacidade estética e creadora cun interese por participar na vida cultural e por contribuir á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como de outras comunidades.

• O alumnado terá a posibilidade de aprender a utilizar, de forma responsable, as posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación ofrecen para o desenvolvemento das súas capacidades artísticas.

• Teranse en conta os valores creativos e expresivos (o alumnado canta, baila, toca un instrumento, dramatiza, presenta unha historia ou un xogo expresando os seus propios sentimentos e emocións, ...), e os valores perceptivos (o neno/a tamén escoita cancións, asiste a representacións musicais ...). A educación musical traballarase a través de técnicas e procedimentos diversos dunha forma máis dinámica e creativa.

Utilizaremos ademáis os métodos dos grandes pedagogos musicais :

•Método ORFF, para traballar o ritmo cos instrumentos de percusión. ( IPAI e IPAD)., a lenguaxe verbal como base da figuración rítmica, orden de intervalos para o traballo melódico, pentafonía,…

•J.WUYTACK , conxunción entre expresión verbal, musical e corporal,( cancións de substitución de palabras por xestos e improvisacións instrumentais )

•Método KODALY, para o traballo auditivo e vocal, lectura rítmica con sílabas….

•Método DALCROZE para o movemento ( expresar co corpo os distintos elementos da música) e a danza.

•Método WILLENS para traballar a percepción auditiva, ritmo, cancións de intervalos, improvisación,….

.Método BAPNE: actividades de percusión corporal. O corpo como un instrumento acústico, rítmico, tímbrico e dinámico porque está ligado ao movemento e á danza.

Non se utiliza libro de texto o cal me permite adaptar os contidos ás necesidades dos grupos e unha maior flexibilidade no deseño das diferentes sesións. Cando remata o curso, todas as fichas individuais traballadas nos tres trimestres son encadernadas ( eles participan activamente neste traballo) para que cada un teña o seu libro de música.

## 6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

O proceso avaliativo é contínuo e non contempla a realización de probas específicas senon a observación directa e sistemática do aprendizaxe do alumnado. Concederase unha maior importancia aos procesos de elaboración que ao resultado final.

Partimos dunha avaliación inicial que nos permite, por un lado, coñecer os intereses do noso alumnado e o que saben e , por outro, apreciar e valorar as diferenzas que poidan aparecer en cada grupo. Utilizaremos o "parchis musical" e o xogo da "pelota preguntona" que contén probas que nos servirán, ademais, de recordatorio do traballado no curso anterior.

As actividades de avaliación acompañarán ás propias de ensinanza aprendizaxe. As actividades de repaso ao final das unidades, ( parchis musical, ficha individual, representación,..) serviranos para observar e avaliar.

INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación debe ir enfocada a mellorar a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas; para iso, é necesario diversificar as ferramentas e programar tempos e espazos na aula destinados á avaliación dos procesos de aprendizaxe.

• A observación directa do alumnado tanto no traballo individual, en parellas, pequeno e gran grupo.

• A análise do traballo persoal que realiza nas fichas de traballo en cada sesión. Valorarase tamén a presentación destes traballos escritos.

• Valoración da súa participación , colaboración e actitude nas distintas actividades ( interpretativas, creativas,…). Tamén se terá en conta, á hora de avaliar, o seu comportamento na clase así como a responsabilidade co material ( propio e o da aula).

•Actividades de repaso do trimestre na última sesión do mesmo.

Ao longo do trimestre iremos planificando a realización e a recollida de produtos que amosen o nivel de consecución do estándar así como a súa evolución ao longo do curso. Levarase a cabo un rexistro individual para avaliar estes aspectos: audicións musicais, a entonación, manexo dos instrumentos, expresión dramática, interpretacións de grupo, improvisación de movementos na danza, a lectura musical, discriminación das cualidades sonoras, instrumentos e voces,....

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Serán requisitos mínimos para aprobar a asignatura:( 40%)

- Manter dunha maneira constante unha actitude e un comportamento positivos na clase.
- Ter instaurados uns hábitos de autocontrol, silencio, atención , concentración e audición activa.
- Participar activamente e con bo rendimento no traballo colectivo.
- Responsabilizarse de traer o material persoal a clase e de mantelo en bo estado e presentación.

As calificacións matizaranse segundo: ( 60%)

- Superación dos contidos mínimos esixidos.

- Execución de pezas musicais cos frauta e IPAD.

- Manexo dos instrumentos de PP.

- Habilidades de canto, movemento, dramatización e danza.

- Escritura no pentagrama: precisión e presentación.

## 7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os siguientes recursos e materiais , cos que contamos na aula, reforzan e amplían o estudo dos contidos da área de Música:

- Instrumental Orff ( IPAI e IPAD)
- Instrumentos populares ( cunchas, piñas, culleres,lata, …)
- Instrumentos construídos polo alumnado con materiais de reciclaxe.
- Obxectos sonoros ( campás, tubos sonoros, frautas de émbolo, botes de plástico de diferentes tamaños …)
- Tubos sonoros diatónicos.
- Xogos ( tarxetas rítmicas, bingo instrumental, parchis musical, puzzles de instrumentos, tarxetas de imáxes para relacionar cos sons, tarxetas para traballar a intensidade, a duración e a altura, dados rítmicos,emparellamentos sonoros, ritmogramas…)
- Pelotas de diferentes tamaños, aros, cintas de cores,tubos de cartón, botellas de plástico de diferentes tamaños, vasos de plástico.
- Láminas informativas, carteis e murais.
- Teclado.
- Ordenador ( acceso á internet) , pantalla de proxección e lector de CD e mp3.
- Ao ser un centro ABALAR e continuar neste curso con EDIXGAL dispoñemos de ordenadores individuais e recursos multimedia para traballar co alumnado do 5º e 6º.
- DVDs
- CDs ( clásica , infantil, música popular galega, cancións variadas, música para danza, contos musicais,…)
- Pizarra pautada.
- Pentagrama pintado no chan da aula.
- Musicogramas para as audicións.
- Partituras.
- Fichas de traballo individual, por niveis, para traballar en cada sesión.
- Material diverso. Pinturas, lápices, rotuladores, punzóns,....

## 8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O feito de impartir clases no centro xa dende hai varios cursos, permíteme ter un maior coñecemento dos distintos grupos, exceptuando o alumnado de 1º ou alumnado novo nos distintos cursos. Para cada grupo hai que ter en conta o nº de alumnos e o seu funcionamento ( se falan moito, se cambian con facilidade de actividade,....); as necesidades individuais; que alumnos necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe ; e ter en conta aos alumnos con necesidades educativas ou con altas capacidades. Concretamente, neste curso hai dous alumnis con TEA escolarizados en 5º( 3ºcurso que está no centro) e en 1º, respectivamente . Nas sesións de música destes grupos conto cunha profe de apoio na aula. Eses alumnos teñen ACS.

Cando nos atopamos con alumnado que presenta algunha dificultade para alcanzar os obxectivos propostos hai que planificar estratexias metodolóxicas, medidas organizativas e reforzos así como

xestionar os tempos grupais para favorecer a intervención individual. Tentarase, en todo momento, integralos dentro do grupo para que non se sintan discriminados.

Así, hai alumnos que teñen máis dificultade na realización de certo tipo de actividades, algúns precisan dunha atención máis personalizada ou un maior apoio; para outros debemos plantexar actividades de reforzo . Para dar resposta a esta diversidade prográmanse actividades con distintos agrupamentos, o que permite a atención individualizada ou a pequenos grupos, mentras os demais realizan o seu traballo de xeito máis ou menos autónomo. En calquera caso, o alumn@ que presenta algún tipo de dificultade debe ser integrado no grupo. De feito, as actividades que se realizan na aula de música son integradoras en si mesmas. A voz, os instrumentos, a danza, …pódense utilizar como medio integrador dos alumnos e alumnas, procedentes doutros países ou comunidades ou con algún tipo de deficiencia.

En calquera caso, a dificultade dos contidos preséntase de maneira progresiva e reoriéntase, se fora preciso, á forma de presentación das actividades co fin de acadar a asimilación o máis completa posible das mesmas.

Por outro lado, atopámonos con alumnos que reciben clases de música ( solfeo, instrumento, coro, baile tradicional,…) fóra do colexio e resúltalle máis doado alcanzar os obxectivos propostos. Para eles é preciso preparar traballo alternativo: fichas de ampliación , explicacións puntuais aos seus compañeir@s, traer o seu instrumento á aula para explicar o seu funcionamento e tocar con el,...

.

**9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR, AO PLAN TIC E AO PLAN DE CONVIVENCIA.**

9.1.- PROXECTO LECTOR

- Ler e comprender os diferentes textos que se utilizan na clase de música: letras das cancións, explicativos de teoría musical, de información sobre instrumentos, compositores,…..
- Traballar o significado das palabras menos usuais que aparecen nos textos para ampliar e enriquecer o vocabulario do noso alumnado.
- Escoitar contos ou narracións para traballar aspectos característicos da lectura( oralidade, ritmo, entonación,…)
- Aprender a recitar ( adiviñas, poemas,…).

9.2.- PLAN TIC

- Utilización de CDs de audio para a escoita das audicións, cancións populares e infantís, instrumentos, música para danzas, melodías para frauta, …
- Utilización de DVD.
- Utilización colectiva do ordenador da aula de música para a realización de xogos musicais e autras actividades interactivas
- Somos centro EDIXGAL, o cal nos permite a posibilidade de utilizar os ordenadores individuais na aula de música co alumnado de 5º e 6º ( realización de xogos interactivos para reforzar os contidos traballados: lxe musical, voces, instrumentos, agrupacións, kahoot,...)

- Aprendizaxe por investigación: Propoñer ao alumnado que localice máis información ou investiguen e que elaboren un traballo ( cun procesador de textos para os de 5º e 6º) sobre instrumentos, agrupacións vocais ou instrumentais, compositores, cancións, ...

9.3.- PLAN DE CONVIVENCIA

A escola é un lugar de encontro entre persoas distintas que forman unha comunidade e, polo tanto, é o lugar idóneo para aprender por propia experiencia as actitudes básicas e necesarias para unha convivencia libre, democrática, solidaria e participativa.

Dende a clase de música tamén estamos educando para a convivencia:

- Respectando as normas de clase, en xeral, e as do grupo nas actividades musicais( vocais, instrumentais e de movemento) para mellor organización e disfrute da educación musical.
- Valorando e respetando as creacións propias e as dos demais, tanto individuais como colectivas.
- Colaborando e participando activamente nas actividades.
- Concienciándose da importancia do coidado do propio material e do da aula.

## 10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Dado o carácter desta asignatura moitas das actividades realizadas na aula son utilizadas para a participación nas distintas festas e conmemoracións que se celebran no noso centro: Magosto, festival de Nadal, Día da Paz, Entroido, Festival Letras Galegas e festival fin de curso.

Realízanse diversas actuacións, e previos ensaios, para os festivais cos distintos grupos: acompañamento rítmico de pezas clásicas, coreografías, danzas de diversos paises ,pezas instrumentais con frautas , IPAD e IPAI, e mesmo coa colaboración de nenas e nenos do cole que tocan instrumentos de vento e corda.

Prepáranse, ademais cancións con temática para o nadal, o entroido, a paz,... Tamén se realiza a montaxe dunha peza tradicional con alumnado de distintas idades que tocan instrumentos tradicionais, para o festival das letras galegas. Neste curso, as cancións que traballaremos estarán relacionadas co proxecto do centro E-comedor.

O alumnado constrúe instrumentos de Percusión, Vento ou Corda na casa ( 5º e 6º) para facer , entre outras actividades, unha exposición a finais de curso.

Foméntase a asistencia e participación en distintas actividades musicais que se ofertan fóra do centro, aínda que dependemos do custe económico para cada alumno por mor do transporte. Asímesmo, téntase traer, como cada curso, ao noso centro algunha actuación de grupos musicais da zona co fin de acadar un maior coñecemento e respeto pola cultura musical que existe no contorno ( As treboadas, a banda de música de Goián,...).

## 11. AVALIACIÓN DO PROCESO DO ENSINO APRENDIZAXE E A PRÁCTICA DOCENTE.

Os profesores debemos avaliar os procesos de ensinanza e a nosa práctica docente.Debemos contar con mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Ao remate de cada trimestre, como mínimo, deberemos formularnos algunhas preguntas que nos permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora. Así

poderemos realizar unha reflexión docente e a autoavaliación da realización e desenvolvemento da programación.

A modo de exemplo poderiamos cumplimentar este cadro ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

| ASPECTOS A AVALIAR | A DESTACAR | A MILLORAR | PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL |
|---|---|---|---|
| Temporalización prevista | | | |
| Desenvolvemento dos obxectivos didácticos | | | |
| Manexo dos contidos | | | |
| Actividades realizadas | | | |
| Estratexias metodolóxicas seleccionadas | | | |
| Recursos e materiais empregados | | | |
| Claridade nos criterios de avaliación | | | |
| Uso de diversas ferramentas de avaliación | | | |
| Consecución dos estándares de aprendizaxe | | | |
| Atención á diversidade | | | |

.

Outubro 2019